

## Descrición

O servizo nace da necesidade de mellora no proceso de integración sociolaboral de persoas excarceradas, en proceso de excarceración ou con antecedentes penais en Carballo e o seu entorno, para o que se propón o deseño de itinerarios personalizados de inserción, onde, partindo da realidade do seu contexto e da maneira máis individualizada posible desenvolvan as competencias persoais, profesionais e dixitais, nun sector con demanda de emprego, para favorecer a súa volta a vida en liberdade.

Nesta edición decidimos centrarnos no reforzo das competencias persoais que son as máis afectadas na fase de incorporación á vida en liberdade, sobre todo polo aumento do estrés e o choque que supón as súas expectativas coa realidade coa que se atopan. Ademais, este ano parécenos aínda máis preciso debido a toda a carga emocional que supuxo a situación sanitaria. Debemos ter en conta que as persoas privadas de liberdade víronse dobremente afectadas, xa que as restricións no ámbito penitenciario provocaron un maior illamento das persoas internas, ao suspenderse as comunicacións, as entradas das entidades e a obriga de corentena despois de calquera visita familiar.

## Datas de realización da actividade

Do 08/11/2021 ate 17/12/2021

## Obxectivo

Favorecer a formación integral das persoas recentemente excarceradas, en proceso de excarceración ou con antecedentes penais, tratando de mellorar a súa empregabilidade e competencias persoais de cara a súa inserción social e laboral, facilitando a súa integración na comunidade.

## Número de participantes previsto e perfil

10 persoas de Carballo e a súa contorna en réxime de semiliberdade ou que finalizaron a súa condena. Teranse en conta candidaturas derivadas dos servizos sociais de Carballo que consideren cumpran o perfil requirido.

## Actividades:

- A. **Taller de Terapia Canina:** constará de oito sesións que se levarán a cabo os luns e venres de novembro e decembro, cunha duración total de 16 horas. Nestas sesións tratarase de xerar empatía, ademais de que aprendan a relaxarse e xestionar o estrés.
- B. **Servicio Orientación laboral:**
- Titorías individuais
  - Talleres grupais